



RECADACIÓN EXECUTIVA CONCELLO DE PONTEVEDRA

CONTA DE XESTIÓN RECADATORIA EXERCICIO 2019

MEMORIA ANUAL DE ACTUACIÓNS

INFORME CONTABLE.



MEMORIA EJERCICIO 2019

Índice

Actividade desenvolvida.....	3
Cargo a executiva.....	11
Resultados obtidos	13
Desagregación dos ingresos.....	14
Xestión do cargo.....	17
Datos por baixa en executiva	18
Xestión dos padróns.....	20

CONTA DE XESTIÓN RECADATORIA

Relación por conceptos

Relación por exercicios

Relación por Cargos



MEMORIA ANUAL DE ACTUACIÓNS EXERCICIO 2019

Amparo Barreales Cardín, como responsable da empresa Recyges SL, adxudataria do contrato consistente na *"prestación de servizos complementarios e de colaboración na xestión recadatoria municipal en vía de constrinximento e para a colaboración na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico"*, en cumprimento do disposto no prego de prescricións técnicas que regulan a execución do dito contrato asinado o 1 de abril de 2014, presenta o informe de xestión correspondente ao exercicio 2019, composto de memoria de actuacións e informe contable anual.

Actividade desenvolvida

As actividades propias da colaboración na xestión recadadora en período executivo feitas no último exercicio resúmense no intento, como nos exercicios anteriores, de reducir o cargo pendente en executiva, mantendo os ingresos en vía de constrinximento e mediante a depuración de valores.

Actividade de notificación

Os traballos de notificación son fundamentais para garantir uns bos resultados na xestión recadadora en período executivo, xa que os erros nos enderezos, na práctica das notificacións, ou a falta de calquera dos requisitos esixidos pola lexislación tributaria poden supoñer a anulación de todo o procedemento.

As actuacións de notificación, comprobación, depuración de enderezos e busca de domicilios alternativos, así como as publicacións no BOE, continuaron a facerse segundo a mecánica dos exercicios anteriores para as persoas físicas e adaptáronse para as persoas xurídicas ao esixido pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Antes da notificación de providencia de constrinximento e inmediatamente despois do cargo a executiva, enviamos comunicación por correo ordinario avisando do inicio da vía de constrinximento a todos os contribuíntes que figuran na relación de debedores. Esta carta, aínda que non é obrigatoria nin é a notificación dun acto administrativo, ten resultados positivos para o contribuínte porque recíbese en todos os casos, aínda que estea ausente o destinatario no horario de reparto do servizo de correos, e deste xeito os contribuíntes teñen a oportunidade de facer o pagamento antes de que se chegue ao embargo (que en moitos



casos prodúcese sen recibir unha notificación persoal). A finalidade desta primeira carta é conseguir o cumprimento das obrigas tributarias polos contribuíntes no prazo mais breve e que o Concello teña os ingresos o antes posible.

Ao longo do exercicio 2019, enviáronse aos contribuíntes persoas físicas un total de 10.324 notificacións de providencias de prema nas que se incluían 21.702 recibos e liquidacións respecto dos que se iniciou a vía executiva. Durante o mesmo período devolvéronse polo servizo de correos 2.277 notificacións de providencias de constrinximento con resultado descoñecido, 3.786 ausentes e 3.948 notificacións. As notificacións que resultaron infrutuosas tentáronse noutras direccións que atopou a empresa cruzando padróns, en cargos anteriores, buscando na base de datos de tráfico, bases de datos especializadas, ou mesmo en Internet. En 2019 solicitouse á AEAT información de datos identificativos de debedores que constaban descoñecidos no enderezo tributario que figuraba a efectos de notificacións no cargo a executiva. Os ficheiros de intercambio que se enviaron axustáronse ao formato requirido no modelo 120. Os datos de enderezo fiscal facilitado por Facenda Estatal gardáronse como domicilio protexido para futuras notificacións.

No caso de notificacións de providencias devoltas con resultado ausente, enviamos comunicacións por correo ordinario advertindo do intento de notificación e informando da posibilidade de recollelas na oficina de recadación, da inminente publicación no BOE e continuación do procedemento. Durante o exercicio 2019, as publicacións de editos emprazando os debedores para ser notificados por comparecencia da providencia de constrinximento incluiron 5.818 contribuíntes. Esta foi a mecánica seguida tamén para a notificación do resto das actuacións en vía executiva e dilixencias de embargo.

Notificada a providencia de prema e continuando o procedemento executivo enviáronse 4.720 notificación de dilixencia de embargo de saldos en contas correntes e 3.961 requirimentos para designar bens integrantes do patrimonio seguindo a mesma operativa que para a providencia de constrinximento.

Durante 2019 enviáronse ao Órgano de Tesourería e Xestión oito remesas de ficheiros que contiñan anuncios para envío de publicación ao BOE .

Notificacións electrónicas na Sede electrónica do Concello de Pontevedra: Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas.

A entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, obrigou a adaptar todos os procedementos administrativos ao previsto na mesma. Para cumprir co disposto na norma en canto aos dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas tivo que modificarse o xeito de actuar: en concreto para a Administración no xeito que notificar, e para o cidadán: no xeito de recibir e acceder ás notificacións. Isto supón un cambio radical na organización dos traballos de xestión de procedementos en vía executiva.

Por unha parte hai que cumprir as obrigas legais en canto a xeito de actuar e desenvolvemento dos procedementos pero ao mesmo tempo hai que garantir que non se produza indefensión por descoñecemento de actuacións que afecten aos contribuíntes e que non se produza merma nos ingresos municipais.

Segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 39/2015, están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas as persoas xurídicas, ou quen as represente. Cando é o debedor un dos incluídos na obriga anterior, as notificacións que lle afecten teñen que poñerse a súa disposición na sede electrónica municipal e deberá acceder ao seu contido a través da caixa de correos de notificacións electrónicas na sede electrónica do Concello de Pontevedra. De non acceder a ao seu contido no prazo de 10 días naturais, entenderase que rexeita a notificación dándosele por notificado a todos os efectos e continuando o procedemento.

A Lei 39/2015 prevé que cando se faga unha notificación a través da Sede Electrónica se avise ao interesado da posta a disposición a través dunha mensaxe enviada a un enderezo electrónico facilitado pola persoa interesada. O problema atópase en que para poder enviar o aviso de posta a disposición da notificación o interesado ten que ter comunicada unha dirección electrónica para avisos. Os ditos avisos de posta a disposición, segundo establece a Lei, non son obrigatorios para a Administración.

Cumprir as obrigas legais na tramitación dos procedementos e asegurar que os debedores teñan coñecemento das actuacións que lles afectan e poidan realizar o pagamento das débedas sen que se produza detrimento da recadación require un esforzo adicional, mais que en outros procedementos iniciados a solicitude dos interesados, xa que en moitos casos trátase de contribuíntes con enderezo fora do municipio, que non entran na Sede Electrónica,

non se relacionan electrónicamente co Concello e non teñen comunicada unha dirección electrónica para avisos.

Conscientes do reto que supón, Recyges xa ten en funcionamento aplicacións que permiten a comunicación e envío de sms a todos os debedores dos que se coñece un teléfono móbil ou enderezo electrónico sexan persoas físicas ou xurídicas. Posta a disposición unha notificación na Sede electrónica téntase por todos os medios que o debedor teña coñecemento da notificación, acceda a ela e comunique un enderezo para avisos de sucesivas notificacións.

En 2019 fixéronse 1.974 notificacións a debedores a través da Sede electrónica do Concello.

En 73 casos o debedor accedeu ao contido da notificación e no resto dos casos ó non acceder á mesma entendeuse que rexeitou a notificación dándosele por notificado o acto e continuando o procedemento .

Actuacións executivas

1. Embargos de contas en entidades bancarias.

Na execución de embargos síguese a orde de prelación establecida na Lei xeral tributaria, transcorrido o prazo previsto no artigo 62.5 da mesma Lei dende a notificación da providencia de constrinximento, e en cumprimento do ordenado na mesma, procedeuse ao embargo de contas en entidades bancarias que se realiza de xeito masivo.

O procedemento, ao que están adheridas a totalidade das entidades que operan no Concello, descrito no caderno 63 da A.E.B. e C.E.C.A., está dividido en seis fases: 1ª) solicitude de información sobre existencia de contas abertas na entidade titularidade dos debedores, 2ª) contestación pola entidade á solicitude, facilitando os números de contas, 3ª) envío de mandamentos de embargo de contas ata cubrir o importe da débeda pendente, 4ª) execución dos mandamentos de embargo coa realización da traba dos saldos existentes ata o importe da débeda perseguida, 5ª) levantamentos de embargo e 6ª) resultados e resumo.

A primeira fase, de solicitude de información, referiuse á totalidade dos debedores notificados da providencia de constrinximento e enviouse as 14 entidades, Caixas e Bancos, que operaron en 2019 no Concello incluídas ás entidades que traballan a través de Internet. A todas as entidades se enviou a lo menos unha vez ao trimestre a fase I de embargo. Para cada expediente en executiva iniciouse o procedemento de embargo de contas 64 veces ao longo de 2019. As solicitudes de información incluíron un total de 18.619 debedores (todos os cargados a executiva con NIF)



Na fase II, facilitáronse en total polas entidades bancarias os datos de 33.857 contas (moitos dos debedores dos que se solicitou información tiñan conta en varias entidades ou varias contas na mesma entidade). Na seguinte fase remitíronse un total de 29.722 mandamentos de embargo de contas, menos que contas facilitadas, por ter feito o pagamento da débeda en moitos casos ou por terse embargado noutra entidade.

Executados os mandamentos de embargo contidos na fase III, a fase IV rematou cō embargo de 4.460 contas por contía de 669.375,76 euros. Desta cantidade fixéronse levantamentos da traba no prazo de vinte días dende o embargo por importe de 96.901,74 euros consecuencia do pagamento da débeda ou da xustificación de que as cantidades trabadas correspondían a cantidades inembargables segundo o disposto na Lei de axuizamento civil. No 2019 tramitáronse levantamentos de embargo de conta a 521 debedores.

As incidencias xurdidas pola realización dos embargos de contas resolvéronse na oficina de Recadación Executiva informando aos contribuíntes, e consultando cōs correspondentes servizos municipais de Recadación Voluntaria, Tesouraría ou Xestión Tributaria, tentando que os recursos que se presentaran no Rexistro xeral foran os menos posibles.

2. Embargos de soldos e salarios.

A Tesourería Xeral da Seguridade Social presta servizo de cesión de datos a Administracións Públicas para colaborar con estas permitindo o acceso a os datos de traballadores de alta en empresas ou por conta propia aos efectos exclusivos de Recadación de débedas tributarias.

O Concello de Pontevedra tramitou a alta neste servizo e a autorización para o envío de solicitudes de datos que se ten que facer mediante a firma dixital de persoa autorizada.

Recyges, implementou os ficheiros de solicitude e de resposta esixidos para o intercambio de datos nos formatos especificados no Servizo A009 nomeado Informe de Debedores Tributarios.

En 2019 continuose cos embargos de soldos xa iniciados e segundo a mecánica de exercicios anteriores. Enviouse a todos os debedores que constaban como traballadores de alta por conta allea notificación de embargo de soldos e salarios e despois de notificada a dilixencia de embargo de soldos sen que se fixera o pagamento da débeda, ordenouse a traba das retribucións e fíxose seguimento dos embargos ordenados no ano anterior.

O resultado das ordes de embargo foi negativo en moitos casos por estar xa de baixa nas empresas os traballadores, por recibir retribucións inferiores a contía embargable prevista na Lei de Axuizamento Civil por ter embargos anteriores sobre a súa nómina .

3. Embargos de vehículos

No exercicio 2019 notificáronse 245 dilixencias de embargo de vehículos.

Transcorrido o prazo de ingreso da débeda, tentouse en todos os casos facer a anotación do embargo no Rexistro de bens mobles pero na maior parte deles comprobouse que constaba anotada reserva do dominio inscrita no vehículo a favor da compañía de leasing ou renting, que é causa de denegación da inscrición do embargo aínda constando o debedor como titular no Rexistro de vehículos da Xefatura de Tráfico. En moitos casos a antiguidade dos vehículos fixo que resultara antieconómica a continuación do embargo.

4. Embargos de inmobles

Durante 2019 enviáronse solicitudes de información ao Rexistro de índices sobre bens inmobles inscritos en calquera Rexistro da propiedade de España a nome dos debedores do Concello. Ao mesmo tempo, solicitouse nota simple rexistral dos inmobles inscritos no Rexistro da Propiedade de Pontevedra a nome de 67 debedores. Durante o exercicio 2019 notificáronse 27 dilixencias de embargo de inmobles. As ditas dilixencias de embargo tamén se notificaron aos copropietarios, cónxuxes.

5. Embargo de devolucións tributarias

A mecánica de actuación para o embargo de devolucións tributarias que se ven repetindo mensualmente desde a sinatura do convenio coa AEAT, consiste na preparación dos ficheiros de intercambio nos formatos requiridos pola Axencia Tributaria e no envío desde o Concello coa sinatura dixital.

A Axencia Tributaria en cumprimento da orde de embargo fai a traba dos créditos mediante o embargo das devolucións solicitadas polos debedores á facenda municipal. Cando o importe trabado se ingresa na conta da recadación executiva, notifícase a dilixencia de embargo ao debedor e aplícase ao pagamento da débeda.

No 2019 enviouse todos os meses un ficheiro que contiña as ordes de embargo de créditos a favor de debedores a Facenda Municipal e fixéronse a través do convenio coa axencia tributaria embargo de devolucións de IRPF, Imposto de sociedades ou IVE a un total de 1.213 debedores. Por esta vía recadáronse 335.061,62 euros.

6. Concurso de acreedores.

Recyges ten asumida a xestión dos procedementos concursais nos que o Concello de Pontevedra é acreedor. Así, fai un seguimento permanente das persoas tanto físicas coma xurídicas incursas nestes procedementos de execución universal para a defensa dos intereses do Concello.

A base de datos de procedementos concursais actualízase diariamente e todos os meses remítese ao Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria para a súa constancia. A 20 de decembro de 2019 a dita base incluía 127 debedores, nos que se atopan tanto persoas físicas coma xurídicas. No mesmo período concluíronse 17 procedementos concursais polo cumprimento do Convenio, extinción da sociedade ou remate da situación de concurso de persoas físicas.

Cando se ten coñecemento, ben mediante a súa publicación no BOE ou no Rexistro Público concursal, ou ben porque o propio suxeito pasivo comunica ao Concello, de que un contribuínte é declarado xudicialmente en concurso de acreedores, Recyges envía a correspondente certificación da débeda dese contribuínte, que é asinada pola titular do OTXT. Unha vez certificada a débeda, comunícase cos administradores concursais e notifícalles a certificación do crédito a favor do Concello de Pontevedra, así como a clasificación do mesmo, en cumprimento da lexislación concursal.

Cada vez que se recibe pola Recadación Executiva un novo cargo, comprópanse as debédas que corresponden a concursados e remítese aos administradores concursais a comunicación e listaxe dos créditos contra a masa para reclamar o seu pagamento, e mediante o contacto con estes así coma cos terceiros que teñen entrada nestos procedementos (bancos, compradores dos bens, adxudicatarios xudiciais, etc) téntase o cobro dos mesmos.

Pola recadación executiva remitiuse informe sobre 71 debedores incursos en procedemento xudicial de concurso de acreedores xa concluídos, achegándose a documentación xustificativa tanto da publicación no BOE da dita conclusión, coma a do estado da débeda pendente de pagamento de cada un deles, co obxecto de proceder á súa anulación. Despois de ditar resolución de declaración de debedores falidos por causa de inexecutabilidade de títulos de crédito na que se incluían os ditos 71 suxeitos pasivos declaráronse os créditos incobrables coa corresponde baixa en executiva. No exercicio 2019 cobráronse en executiva recibos a debedores en situación de concurso por importe de 16.870,90 euros.



Integración informática co Concello

Os traballos que facilitan a integración informática requiren dunha colaboración permanente dos informáticos responsables das aplicacións de Recyges e do Concello e permiten con diferenza de minutos, coñecer a situación da tramitación en executiva de cada expediente dende as dependencias de xestión tributaria, tesouraría ou intervención.

O sistema de volcado de operacións de cobro e baixas diario, non se interrompeu ao longo de todo o ano, e consiste nun sistema desatendido de traspaso de datos, no que se detectan as diferenzas temporais na tramitación de baixas, e calquera erro ou duplicidade que poida producirse nos cobros ou datas e nos cargos de voluntaria a executiva.

Recyges ten habilitada unha consulta en tempo real á súa base de datos, para a comprobación polo Concello da existencia de débeda en executiva que evita o pagamento a debedores- acredores a facenda municipal. A consulta na base de datos de Recyges permite coñecer as débedas non incluídas na aplicación do Concello por multas ou auga e axiliza a comunicación de datos a outras administracións. Durante todo o exercicio Recyges enviou confirmación do resultado da consulta feita dende Tesouraría, entregando unha listaxe en papel dos débitos pendentes e a débeda esixible nada mais recibir a solicitude de Tesouraría. Todos os requirimentos de información que se recibiron por parte de intervención a efectos de contabilidade ou fiscalización atendéronse inmediatamente por Recyges.

Comunicación cos Servizos Municipais a través da Sede Electrónica .

Dende febreiro de 2017 a comunicación cos distintos servizos municipais realízase a través da Sede Electrónica do Concello.


Diariamente descargáanse as solicitudes e envíanse a través da mesma vía os informes da Recadación executiva sobre débedas pendentes en período executivo, informes de actuacións feitas nos procedementos de constrinximento, informes a recursos interpostos polos debedores, sobre transferencias da conta de recadación executiva, contestacións a requirimentos de información de Xulgados. Seguridade social, axencia tributaria...

A través da Sede Electrónica contestáronse ata 20 de decembro de 2019 a 519 solicitudes de información recibidas dos servizos de xestión tributaria, recadación e tesouraría e remitiuse toda a documentación requirida nas mesmas.

CARGO A EXECUTIVA

Respecto ao exercicio anterior, o cargo a executiva descendeu un 19,31 %. A evolución dos cargos a executiva nos últimos exercicios é a seguinte:

2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
6.103.101	7.001.283	7.535.975	6.247.900	5.950.605	4.160.746	5.005.319	5.297.328	6.931.161	5.593.331



A seguinte táboa reflexa a evolución dos cargos polos conceptos de máis importe nos derradeiros exercicios:

Concepto	Cargado 2010 (€)	Cargado 2011 (€)	Cargado 2012 (€)	Cargado 2013 (€)	Cargado 2014 (€)	Cargado 2015 (€)	Cargado 2016 (€)	Cargado 2017 (€)	Cargado 2018 (€)	Cargado 2019 (€)
Auga	940.498	857.294	1.447.403	799.890	845.633	1.404.492	810.107	1.078.685	1.121.574	1.093.759
I.B.I.	2.415.773	2.195.644	2.237.973	2.251.352	2.054.634	284.640	2.106.916	1.989.154	3.479.813	2.424.211
I.V.T.M.	996.436	1.082.422	1.126.862	1.104.168	991.299	935.780	871.703	855.344	876.384	955.245
I.A.E.	113.920	199.037	501.221	250.736	277.935	45.762	188.801	148.451	389.688	216.790
lixo rural	337.398	170.507	127.366	127.082	166.056	146.866	140.054	130.947	127.933	112.426
I.I.V.T.N.U	325.274	137.452	72.463	191.147	450.347	138.370	106.498	222.664	200.886	252.068
Multas tráfico.	621.350	454.550	1.393.710	724.340	608.191	475.870	474.242	388.350	372.385	191.673
I.C.I.O	633.200	95.772	642.584	892.033	408.875	200.702	83.950	116.029	8.766	30.166

Valores cargados a executiva

Durante o exercicio 2019 cargáronse a executiva un total de 40.121 valores e distinguindo entre recibos e liquidacións resulta que se cargaron 34.868 recibos e 5.253 liquidacións .

Valores cargados	Recibos cargados	Liquidacións cargadas
40.121	34.868	5.253

Se consideramos por separado o número de recibos de cobro periódico e as liquidacións, a evolución dos valores cargados desde 2010 é a seguinte :

Exercicios	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Recibos	37.393	33.069	37.596	33.977	33.257	30.934	30.587	32.527	37.975	34.868
Liquidacións	9.814	12.750	7.579	6.633	5.892	5.903	4.907	5.231	5.699	5.253
Total valores cargados	47.207	45.819	45.175	40.610	39.149	36.837	35.494	37.758	43.674	40.121

Variación dos cargos a executiva nos últimos exercicios segundo o número de valores cargados por conceptos:

Concepto / exercicio	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Multas	3.783	9.249	4.417	3.735	2.920	2.886	2.738	2.110	1.952	1.067
Auga	11.465	10.750	14.464	11.267	12.177	19.307	11.882	13.934	14.138	15.364
I.I.V.T.N.U.	1.144	223	229	425	342	299	254	280	450	533
Lixo rural	2.951	1.464	1.452	1.406	1.555	1.360	1.195	1.087	1.073	992
I.B.I.	7.915	8.024	7.817	8.128	7.873	756	7.194	8.136	13.488	8.540
I.V.T.M.	13.036	14.158	14.247	13.655	12.150	11.533	10.747	10.528	10.914	11.777
I.A.E.	183	242	460	251	311	56	193	152	383	209

RESULTADOS OBTIDOS

Desde o 21 de decembro de 2018 ata o 20 de decembro de 2019 a débeda recadada en executiva acadou o total de 4.361.283,47 euros.

Total recadado no exercicio 2019: 4.361.283,47 euros

Dos 4.361.283,47 euros recadados durante o exercicio 2019 pola Recadación Executiva, corresponden a cobros de recibos 3.229.317,60 euros e a cobros de liquidacións 1.132.065,87 euros.

4.361.283,47 euros	3.229.217,60 euros	1.132.065,87 euros
---------------------------	---------------------------	---------------------------

Os 4.361.283,47 euros recadados en executiva ata o 20 de decembro de 2019 corresponden a 29.231 valores cobrados, e segundo sexan recibos ou liquidacións distinguimos:

Valores cobrados	Nº de recibos cobrados	Nº de liquidacións cobradas
29.231	23.874	5.357

Comparativa respecto aos exercicios anteriores

Partindo dos informes de xestión e contas anuais presentados desde 2010 comprobamos a seguinte evolución do número de valores ultimados por cobro e o total recadado por exercicio:

Número de valores cobrados en executiva nos últimos exercicios :

Exercicio	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Recibos cobrados	25.489	23.935	23.334	25.430	23.146	26.428	25.327	23.096	22.032	23.874
Liquid. Cobradas	3.951	5.888	5.231	4.633	5.336	5.669	5.296	4.627	5.464	5.353
Total	29.440	29.823	28.565	30.063	28.482	32.097	30.623	27.723	27.496	29.227

Evolución da recadación en período executivo nos últimos exercicios :

Exercicio	Total recadado executiva
2010	3.917.197,00 €
2011	4.048.903,99 €
2012	3.903.662,51 €
2013	3.817.692,48 €
2014	3.557.682,57 €
2015	3.756.199,80 €
2016	3.618.797,33 €
2017	3.471.295,30 €
2018	3.986.427,60 €
2019	4.361.283,47 €



Desagregación do recadado no 2019 segundo o ano do cargo a executiva:

Do recadado no exercicio 2019, segundo o exercicio no que os valores se cargaron a executiva, o número de valores cobrados, distinguindo recibos e liquidacións, e o desglose do recadado, é o seguinte:

RECIBOS E LIQUIDACIÓNS:

Ano Cargo	Nº Recibos	Total	Principal	Recarga	IVE	Xuros
2005	1	2.02	1.05	0.21	0.02	0.74
2006	267	11,663.47	6,379.11	1,276.01	19.09	3,989.26
2007	163	12,776.41	7,122.73	1,424.53	16.13	4,213.02
2008	210	15,216.72	8,846.04	1,769.12	38.71	4,562.85
2009	289	86,397.66	71,636.04	3,334.67	3,879.84	7,547.11
2010	416	104,719.78	88,019.10	4,249.44	4,117.99	8,333.25
2011	672	128,563.82	102,095.88	8,211.69	4,092.48	14,163.77
2012	887	207,453.56	167,912.92	12,516.52	8,629.13	18,394.99
2013	871	145,479.51	112,032.15	13,231.55	3,948.16	16,267.65
2014	960	111,957.55	81,186.05	15,285.95	761.62	14,723.93
2015	1,383	160,959.61	121,272.36	21,301.90	2,329.86	16,055.49
2016	1,366	206,209.25	164,051.26	24,519.54	4,687.16	12,951.29
2017	1,853	273,517.33	227,006.35	26,093.62	10,505.84	9,911.52
2018	9,788	1,647,380.71	1,461,025.95	147,773.41	16,517.65	22,063.70
2019	10,101	1,248,986.07	1,164,730.38	71,777.71	10,165.19	2,312.79
29,227	4,361,283.47	3,783,317.37	352,765.87	69,708.87	155,491.36	

RECIBOS


Ano Cargo	Nº Recibos	Total	Principal	Recarga	IVE	Xuros
2005	1	2.02	1.05	0.21	0.02	0.74
2006	263	11,046.16	6,041.51	1,208.49	19.09	3,777.07
2007	160	12,760.00	7,113.55	1,422.69	16.13	4,207.63
2008	197	13,921.56	8,098.78	1,619.68	38.71	4,164.39
2009	246	81,274.91	68,542.70	2,715.98	3,879.84	6,136.39
2010	361	97,564.78	83,541.76	3,353.94	4,117.99	6,551.09
2011	417	98,091.06	82,309.52	4,297.95	4,092.48	7,391.11
2012	620	179,379.93	149,285.10	8,790.94	8,629.13	12,674.76
2013	622	118,492.89	93,502.78	9,525.68	3,948.16	11,516.27
2014	732	85,009.49	61,940.94	11,436.95	761.62	10,869.98
2015	1,071	122,247.11	92,842.40	15,615.88	2,329.86	11,458.97
2016	1,093	173,476.05	139,178.29	19,563.67	4,681.30	10,052.79
2017	1,276	198,766.98	168,372.27	14,395.08	10,504.15	5,495.48
2018	8,343	1,326,342.61	1,179,045.20	114,162.22	16,472.78	16,662.41
2019	8,472	710,842.05	657,831.59	41,515.94	9,965.53	1,528.99
23,874	3,229,217.60	2,797,647.44	249,625.30	69,456.79	112,488.07	

LIQUIDACIONES

Ano Cargo	Nº Recibos	Total	Principal	Recarga	IVE	Xuros
2006	4	617.31	337.60	67.52	0.00	212.19
2007	3	16.41	9.18	1.84	0.00	5.39
2008	13	1,295.16	747.26	149.44	0.00	398.46
2009	43	5,122.75	3,093.34	618.69	0.00	1,410.72
2010	55	7,155.00	4,477.34	895.50	0.00	1,782.16
2011	255	30,472.76	19,786.36	3,913.74	0.00	6,772.66
2012	267	28,073.63	18,627.82	3,725.58	0.00	5,720.23
2013	249	26,986.62	18,529.37	3,705.87	0.00	4,751.38
2014	228	26,948.06	19,245.11	3,849.00	0.00	3,853.95
2015	312	38,712.50	28,429.96	5,686.02	0.00	4,596.52
2016	273	32,733.20	24,872.97	4,955.87	5.86	2,898.50
2017	577	74,750.35	58,634.08	11,698.54	1.69	4,416.04
2018	1,445	321,038.10	281,980.75	33,611.19	44.87	5,401.29
2019	1,629	538,144.02	506,898.79	30,261.77	199.66	783.80
	5,353	1,132,065.87	985,669.93	103,140.57	252.08	43,003.29

Desagregación dos ingresos por conceptos

A desagregación por conceptos do total recadado por recibos e liquidacións, e considerando o importe principal de cada concepto, a recarga de constrinximento e os xuros de demora é a seguinte:



XESTIÓN DO CARGO EN EXECUTIVA


Durante o exercicio 2019 conseguiuase o cobro de recibos e liquidacións por importe principal de 3.783.317,37 euros e tramitáronse datas distintas do cobro por importe de 6.307.283,08 euros. Polo tanto, ultimouse por cobro ou outros tipos de datas débeda por importe de 10.090.600,45 euros.

A xestión do cargo pendente ao inicio do exercicio e dos cargos feitos durante o mesmo, resúmese nos seguintes cadros:

<i>Cargo Anterior pendente</i>	<i>Cargos do exercicio</i>	<i>Total cargo en executiva</i>
32.132.646,18	5.593.331,35	37.727.361,41

Ultimado por cobros pola recadación executiva (principal)	Ultimado por datas distintas do cobro pola recadación executiva no exercicio	Total pendente fin de exercicio
3.783.317,37	6.307.283,08	27.636.760,96

Despois da suma ao cargo pendente en executiva a 21 de decembro de 2018 dos cargos do exercicio, o cargo en executiva ascendeu a 37.727.361,41 euros. Durante o exercicio 2019 ultimouse o 26,74 % do mesmo. A 20 de decembro de 2019 o saldo pendente era de 27.636.760,96 euros



DATAS POR MOTIVOS DIFERENTES AO COBRO

Durante o exercicio 2019 datáronse por anulación da liquidación, reposición a voluntaria, ingreso previo, prescrición, compensación ou cobro en executiva pola tesouraría 45.263 valores por importe de 6.307.283,08 euros.

Valores datados

Ata 20 de decembro de 2019 a recadación executiva recibiu resolucións ordenando a data de 45.263 valores por motivo distinto do cobro en executiva. Segundo se trate de recibos ou liquidacións podemos diferenciar:

Nº total valores datados	Nº recibos datados en executiva	Nº liquidacións datadas en executiva
45.263	40.602	4.661

Evolución das datas e baixas en executiva respecto aos exercicios anteriores :

Comparando o número de valores datados en executiva por motivo diferente ao cobro pola Recadación Executiva esta é a evolución dos últimos exercicios:

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Valores Datados	10.101	10.215	6.495	5.709	7.955	2.721	4.407	2.538	2.711	45.263

Segundo o motivo da data, e desagregando o importe total datado, a evolución dos oito últimos exercicios é a seguinte:

Motivo/exerc.	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Anulación liquidación	650.409 €	385.256 €	905.048 €	454.325 €	371.129 €	317.395 €	514.899,20	360.865,64 €	302.031,68 €
Reposición voluntaria	201.512 €	185.694 €	86.370 €	162.556 €	267.094 €	59.305 €	59.782,90	107.210,51 €	11.643,23 €
Incobrables/ outros motivos	831.546 €	278.820 €	367.211 €	489.118 €	1.025 €	223.356 €	58.620,58	28.151,36 €	1.108.954,87 €
Compensación		206.465 €	266.107 €	76.965 €	89.655 €	43.345 €	81.393,14	72.319,20 €	26.602,77 €
Ingreso previo	247 €	42.746 €	74.889 €	582 €	3.887 €	7.810 €	4.203,10	9.927,74 €	105.679,27 €
Prescripción	3.225 €	8.353 €	26.413 €	564.865 €	22919 €	27.178 €	72.482,26	43.020,24 €	4.744.415,40
Cobro por Tesouraría					8.887 €	10.185 €	7.773,39	10.870,19 €	7.955,86 €

A desagregación do total datado e baixa en executiva, segundo o motivo da data, o importe total e o número de valores aos que se refire, é a seguinte :

Motivo da data	Nº Recibos/liquid. datados	Principal
ANULACION DE LIQUIDACION	1.339	302.031,68 €
CREDITO INCOBRABLE/ OUTROS MOTIVOS	2.810	1.108.954,87 €
DATA COBRO TESOURARIA	25	7.955,86 €
DATA COMPENSACIÓN	142	26.602,77 €
INGRESO PREVIO	6	105.679,27 €
PRESCRIPCION	40.930	4.744.415,40 €
REPOSICION A VOLUNTARIA	11	11.643,23 €
		6.307.283,08 €

Xestión dos padróns cargados nos derradeiros exercicios.

Partindo dos padróns postos ao cobro de IBI, IAE e IVTM dos derradeiros exercicios, das porcentaxes de cobro en período voluntario e en período executivo antes da sinatura da providencia de prema, do cargado a executiva, e considerando o recadado en vía de constrinximento, podemos coñecer a porcentaxe de recuperación e o que resta por cobrar a 20 de decembro de 2019 dos principais padróns fiscais desde 2008.

Cargado executiva 2009	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado executiva	Pendente executiva a 20/12/2019	%Pendente a 20 decembro de 2019
Exer.2008	IBI	11.609.112	9,91%	1.150.555	164.118	1,41%
Exer.2008	IAE	1.628.603	6,09%	99.242	21.438	1,31 %
Exer.2009	IVTM	4.068.034	25,49%	1.037.207	310.957	7,64 %
Exer.2009	IBI	11.925.873	11,08%	1.322.030	208.944	1,75 %

Cargado executiva 2010	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado executiva	Pendente executiva a 20/12/2019	%Pendente a 20 decembro de 2019
Exer.2010	IBI	12.678.480	11,25%	1.426.690	228.839	1,80 %
Exer.2009	IAE	1.672.044	6,73%	112.676	44.455	2,65 %
Exer.2010	IVTM	3.722.860	24,24%	902.481	306.459	8,23 %

Cargado executiva 2011	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado executiva	Pendente executiva a 20/12/2019	%Pendente a 20/12/2019
Exer.2011	IBI	13.717.053	11,61 %	1.593.124	291.009	2,12 %
Exer.2010	IAE	1.641.445	10,09 %	165.741	51.024	3,10 %
Exer.2011	IVTM	3.742.782	25,74%	963.709	333.051	8,89 %

Cargado executiva 2012	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado executiva	Pendente executiva a 20/12/2019	%Pendente a 20 decembro de 2019
Exer.2011	IAE	1.805.482	10,90 %	196.805	56.857	3,14%
Exer.2012	IBI	15.495.390	12,19 %	1.889.530	435.828	2,81 %
Exer.2012	IAE	1.568.028	15,42 %	241.829	72.279	4,60 %
Exer.2012	IVTM	3.854.708	26,24 %	1.011.802	370.291	9,60 %

Cargado executiva 2013	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado executiva	Pendente executiva a 20/12/2019	%Pendente a 20 decembro de 2019
Exer.2013	IBI	15.680.848	11,51 %	1.805.135	549.809	3,50 %
Exer.2013	IAE	1.486.689	12,11 %	180.161	93.025	6,25 %
Exer.2013	IVTM	3.838.444	26,25 %	1.007.812	381.863	9,94 %

Cargado ejecutiva 2014	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado ejecutiva	Pendente ejecutiva a 20/12/2019	%Pendente a 20 decembro de 2019
Exer.2014	IBI	15.869.902	10,54%	1.673.150	528.824	3,33 %
Exer.2014	IAE	1.941.509	9,30 %	180.713	89.772	4,62 %
Exer.2014	IVTM	3.850.926	23,16 %	892.123	390.371	10,13%

Cargado ejecutiva 2015	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado ejecutiva	Pendente ejecutiva a 20/12/2019	%Pendente a 20 decembro de 2019
Exer.2015	IVTM	3.772.148	22,64 %	854.062	402.042	10,65 %

Cargado ejecutiva 2016	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado ejecutiva	Pendente ejecutiva a 20/12/2019	%Pendente a 20 decembro de 2019
Exer.2016	IVTM	3.714.552	23,34 %	866.988	431.849	11,62 %
Exer 2015	IBI	16.975.646	10,11 %	1.717.188	540.629	3,18 %
Exer 2015	IAE	2.124.024	7,75 %	164.768	71.086	3,34 %

Cargado ejecutiva 2017	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado ejecutiva	Pendente ejecutiva a 20/12/2019	%Pendente a 20 decembro de 2019
Exer.2017	IVTM	3.696.732	21,93%	810.970	442.633	11,97 %
Exer 2016	IBI	17.214.788	9,10%	1.566.815	520.256	3,02 %
Exer 2016	IAE	2.026.680	5,72 %	137.534	67.498	3,33 %

Cargado ejecutiva 2018	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado ejecutiva	Pendente ejecutiva a 20/12/2019	%Pendente a 20 decembro de 2019
Exer.2018	IVTM	3.696.695	23,20	857.813	497.105	13,44 %
Exer 2017	IBI	16.905.408	8,75	1.480.451	540.730	3,19 %
Exer 2017	IAE	1.879.156	6,36	119.697	70.643	3,75 %
Exer 2018	IBI	16.891.890	9,12	1.541.058	625.373	3,70 %

Cargado ejecutiva 2019	Concepto	Importe padrón	% pend. a fin de voluntaria	Cargado ejecutiva	Pendente ejecutiva a 20/12/2019	%Pendente a 20 decembro de 2019
Exer.2019	IVTM	3.684.604,19	22,26 %	820.267	610.400	16,56 %
Exer 2019	IBI	16.753.284,17	10,45 %	1.751.884	1.583.371	9,45 %

Firmado digitalmente por: 36094764| AMPARO BARRALES (R: B81093288)
 Fecha y hora: 29.01.2020 18:14:03¹